



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2024 • Nº 287

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN MARZO SERÁ O MARTES 19

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.
- Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

“A ADMINISTRACIÓN PRETO DE TI” O MÉRCORES 13 DE MARZO NA AULA CEMIT DE VEDRA

■ Dentro da 2ª fase do programa “A Administración Preto de ti”, persoal funcionario da Delegación do Goberno da Coruña achegárase a Vedra para explicarlle ás persoas interesadas como se poden relacionar electrónicamente coa Administración a través de diferentes sedes electrónicas (SEPE, AEAT, Seguridade Social,...).

Ademais expedirán **CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS** para evitar que teñan que desprazarse

CALENDARIO: O mércores 13 de marzo ás 11:00 horas na Aula CEMIT (Edificio Biblioteca).

INSCRICIÓNS ABERTAS ATA O 11 DE MARZO NO CORREO ELECTRÓNICO contratacion@concellodevedra.gal

NOVAS DATAS PARA O CURSO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

■ Dentro da programación de formación na Estación.

- PREZO: 150 EUROS.
- DOBRE TITULACIÓN (60 HORAS).
- **Datas:** Venres de abril de 16:00 a 20:00 h. e sábados de abril de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h.

O resto das horas serán EN LIÑA

INSCRICIÓNS NO TELÉFONO 981 512 244 (En horario de luns a venres de 10 a 14 horas) ou no correo electrónico aestacion@concellodevedra.gal.



XXVIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



XIII BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla.



VIII Carreira por Montaña "A Camelia".



Charla "Curiosidades da camelia. A camelia na literatura, na arte, na historia... avances na súa investigación".



Curso ruta fotográfica "As Camelias a través da Lente, paseo polos xardíns de Camelias de Vedra".



Obradoiro Creativo con Camelia realizado pola cativada na honra ao Día de Rosalía de Castro.



Inauguración das XXVIII Xornadas da Camelia co escultor e pintor vedrés Cándido Pazos.



Mostra de Flor e Traballos Ornamentais con Camelia na Carpa Exterior.



Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Actuación da Agrupación instrumental e coro de Secundaria do CPI Plurilingüe de Vedra.



Actuación de Lila Star na Nave da Estación, grazas ao Programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña.



Entrega de premios do 24º Concurso de Pintura Infantil da Camelia.



Desfile de moda da Camelia.



Audiencia da súa Maxestade o Rei á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), da cal Vedra forma parte. A imaxe é propiedade de "© Casa S.M. el Rey".



Visita da Ludoteca á Casa Consistorial polo Entroido.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS




Escola de familias da ANPA de Vedra coa charla "As pantallas a debate: o papel de Edxigal no desenvolvemento das competencias do alumnado".



Entroido da Asociación Cultural San Campio.



Entroido de San Xián de Sales.



Entroido de San Pedro de Vilanova.



NOVAS ADMISIÓNS PARA O CURSO ESCOLAR 2024/25

■ A comunidade educativa vedresa conta con tres Centros Escolares nos que a cativada se pode matricularse para realizar os seus estudos.

- PERÍODO DE ADMISIÓN DO 1 AO 20 DE MARZO.
- SOLICITUDE DE PRAZA: NO CENTRO EDUCATIVO DA SÚA ELECCIÓN.



Europa

VEDRA EN EUROPA!

■ Vedra visita o concello de Bolyarovo en Bulgaria no marco do 5º evento internacional do proxecto europeo WINEU.rur, que lidera o noso municipio. Este proxecto ten como obxectivo poñer en contacto a territorios rurais europeos de similares características para lograr unha estratexia común para a protección do noso patrimonio paisaxístico, etnográfico e cultural, especialmente na tradición do cultivo do viño e o traballo da terra.

Nesta ocasión a temática do evento foi a “Innovación tecnolóxica para a xestión do turismo cultural en áreas dispersas” e durante varios días puidemos compartir boas prácticas e establecer estratexias



futuras que axuden a preservar o noso patrimonio pero sen deixar de lado as vantaxes que ofrece a dixitalización.

Cultura

CONCERTO DO GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MENESTREIS

- **Data:** domingo 3 de marzo.
- **Lugar:** Igrexa Parroquial de San Xián.
- **Hora:** ás 18:00 horas.

Coa actuación previa do coro parroquial LEDICIA.

Unha actividade cultural diferente e gratuíta que non te debes perder!!





PRESENTACIÓN DO LIBRO “EL ASESINO DE LA RECTORAL”

■ O veciño de San Xián, Francisco Javier Villaverde, presenta a súa obra cunha narrativa única e as peculiaridades de seus personaxes que se definen polas súas experiencias emocionais, que abarcan dende amores apaixonados ata frustracións profundas. Todo entrelazado con to-

ques de humor.

Esta novela de ficción ofrece unha profundidade psicolóxica que invitará á reflexión a quen a lea.

A CITA SERÁ O XOVES 21 DE MARZO ÁS 20:00 HORAS NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA.



ESTACIÓN CULTURAL: Xornadas (re)Pensar a festa

■ Estas xornadas enmárcanse no proxecto PALCOS (www.palcos.gal), unha investigación financiada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) que ten como obxecto de estudo a cultura material asociada ás festas parroquiais e ás verbenas en Galicia.

- **Data:** Sábado 9 de marzo.
- **Hora:** de 16 a 20:30 h.
- **Lugar:** Centro de Emprendemento “A Estación”.
- **Organiza:** CSIC
- **Actividade aberta ao público.**

Programa

16:00 h. Mesa redonda 1. Reflexionar o propio concepto de verbenas como un significativo inclusivo e aglutinador, o potencial mobilizador da festa, os cambios nas infraestruturas, as dinámicas interxeracionais que se dan nos espazos festivos, etc.

Participan: Fran Quiroga (Concomitantes), Adela Vázquez (gestora cultural, UVigo), Cooperativa Outonia e Iago Carro (Ergosfera).



17:30 h. Pausa

17:45 h. Mesa redonda 2. As festas no Concello de Vedra.
Participan: Eva Vales, Rubén Estevez, Otilia Otero e Iván García.

Moderar: Henrique Neira

19:00 h. Actuacións musicais

- Quinteto de metais da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- Concerto acústico de Sheila Patricia.

Deporte

SENDEIRISMO O SÁBADO 16 DE MARZO

■ O grupo de sendeiristas continúa realizando o seu “O Camiño da Orixe”.

A seguinte etapa desta ruta será o sábado 16 de marzo e o percorrido irá dende O Aguiño ata Igrexa de Xobre (na entrada da Pobra do Caramiñal).

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.

- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 13 de marzo.



CENTRO DE EMPRENDEMENTO

■ No Centro de Emprendemento A Estación non só prestamos servizo á nosa comunidade de coworkers que conta actualmente con 15 participantes (emprededor@s, empresas e asociacións) que se van renovando segundo as súas necesidades. Tamén desenvolvemos diversos proxectos, como o programa “Emprendendo nas aulas” que estamos a levar a cabo en colaboración co CPI Plurilingüe de Vedra, A Esta-

ción Cultural, ou accións formativas das que iremos informando nos vindeiros meses. Contamos con catro programas abertos.

Para máis información podedes poñervos en contacto connosco nos teléfonos 981 51 22 44, 667 905 330 ou en aestacion@concellodevedra.gal, ou seguirmos no noso Facebook (A Estación Vedra).

ERES PRE-EMPREENDEDOR/A?

- Tes algunha idea á que lle queres dar forma, pero non tes claro se montar un negocio?
- Eres de Vedra ou estás valorando emprender aquí?

En A Estación ofrecemos un **servizo de COACHING gratuito**, por se o precisas. Contacta connosco sen compromiso.

ERES EMPRESA?

- Pensas que a túa empresa ten que buscar novos mercados ou novas liñas de negocio?
- Valoraches reestruturar o teu modelo de negocio?
- Tes dúbidas sobre continuar ou non?

Ofrecémosche o **programa RESET**, un **servizo de asesoramento puntual ou continuado**, segundo as túas necesidades.



ERES EMPREENDEDOR/A?

- Tes algunha idea de negocio e precisas apoio e soporte para comezar a túa actividade empresarial?
- Necesitas dun plan de negocio?
- Tes dúbidas sobre o teu enfoque, quen poden ser os teus clientes, etc.?
- Precisas dun espazo de traballo, que ademais sexa colaborativo?

A Estación conta cun **servizo especializado en CONSULTORÍA DE NEGOCIO** e en xerar sinerxías con outras empresas e profesionais.

ERES UNHA ENTIDADE DO TERCEIRO SECTOR?

- Eres unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro de Vedra ou con actividade en Vedra?
- Precisas de apoio para idear, deseñar, presentar ou levar a cabo proxectos ou iniciativas que redunden na mellora do noso concello?

Dispoñemos do **programa D-RURAL**, con asesoramento e titorías específicas.

Servizos Sociais

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Bingo

Xoves 7 de marzo ás 20:00 h.

■ Escola de Saúde: “Primeiros auxilios no fogar”

Xoves 14 de marzo ás 20:00 h.
no Centro Social.

Impartido por Gemma Albela Silva. Enfermeira do Centro de Saúde de Vedra.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 20 de marzo.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal;



prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 1 de marzo de xeito presencial

na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024.

As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA



MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ O Departamento de Servizos Sociais habilita unha ventá dentro da sección de actualidade municipal na web municipal na que sempre poderás ver as axudas que podes solicitar e outras informacións de interese relacionadas con materia social.

Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición toda a información de interese. Por exemplo: Este mes terás información sobre a tarxeta benvinda, sobre a campaña de termalismo ou sobre o IMSERSO 2024.

Visita a páxina www.concellodevedra.gal



PAZO PARA SOLICITAR O NOVO INGRESO OU RENOVACIÓN DA PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA!

■ Este ano o prazo ordinario para solicitar a inscrición para o novo ingreso ou renovación de praza na Escola infantil municipal é do **16 ao 31 DE MARZO (AMBOS INCLUÍDOS)**.

NON se poderán presentar solicitudes fóra do prazo ordinario establecido, salvo nos casos excepcionais previstos no Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal, coa debida xustificación.

Lugar de presentación das solicitudes:

- **Sede Electrónica** do Concello de Vedra mediante uso de certificado dixital, firma electrónica ou DNI electrónico.
- **Presencialmente**, no Rexistro Xeral ou no Departamento de Servizos Sociais do Concello, **PREVIA CITA**, solicitada a través dalgún dos seguintes medios:
 - Enlace de cita previa na sede electrónica.
 - Teléfono: 981 81 46 93 ou 981 81 46 12.

Documentación necesaria:

- **Renovación de praza:** Declaración de **IRPF do exercicio 2022** ou certificado de rendas de ambos proxenitores. Pódese descargar dito certificado a través de ligazón á páxina web da Axencia tributaria, que podes consultar na web municipal.

• Novo ingreso:

- Copia do DNI de ambos proxenitores.
- Copia do libro de familia ou certificado de nacemento do menor.
- Declaración de **IRPF do exercicio 2022** de ambos proxenitores ou certificado de rendas.
- Copia da última nómina de ambos proxenitores ou pago do recibo de pago de autónomos, certificado de desemprego do SEPE, de pensión, etc.
- Certificado de empadramento colectivo (en caso de NON estar empadrado no Concello de Vedra).
- Outra documentación, no seu caso: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio ou separación, certificado de discapacidade, dependencia, e outras circunstancias acreditativas de situacións susceptibles de baremación.



LUDOTECA

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos obradoiros.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Marimba de contos pola Igualdade: teatrocontos
- Ximkana pola Igualdade
- Obradoiro emocional
- "Mr. Manitas"
- Menudos/as artistas
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Superchef



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

■ O Día Internacional da Muller, 8 marzo, é unha data que se celebra en todo o mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, se unen para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellería de Igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no Concello, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

■ **II Andaina no camiño da Igualdade domingo 10 de marzo saída do Campo da Festa de Ponte Ulla, pasando polos 3 concellos (Boqueixón, Touro e Vedra) as 9:30 h. Inscripción gratuíta.**

10 MARZO

II ANDAINA No Camiño da Igualdade

📍 **SAÍDA - CAMPO DA FESTA DE PONTE ULLA***

🕒 **HORA - 09:30**

📍 **CHEGADA - CAMPO DA FESTA DE BENDAÑA**

📏 **14KM**

Inscripción ata o 7 de marzo por formulario web ou chamando:

Boqueixón: 981513106

Touro: 981504029

Vedra: 699041486



Autobús de regreso

Inclúe bocadillo e camiseta

*As persoas participantes poderán aparcarse os seus vehículos no aparcamento do supermercado da Ulla






■ Acto de recoñecemento **Vedra é Muller** este ano adicado a todas as avoás do Concello de Vedra **8 de marzo as 18.00 horas**, seguido do Acto institucional onde se plantará unha camelia pola igualdade, este ano no Velódromo da parroquia de Vedra, e leerase o manifesto.

■ **Marimba de Contos pola Igualdade** na Ludoteca o 8 de marzo.

■ **Taller de risoterapia "Ay que me mexo" Risas na Terra:** Mulleres do Rural celebrando o 8 de Marzo Un obradoiro práctico de risas e xestión das emocións para alegrar o corazón e cultivar felicidade. **O 14 de marzo de 18:00 a 20:00 h. na Biblioteca Municipal.**

■ **"Nós facemos historia, Mulleres visibles eiqui e agora"** Imos contar con 31 mulleres do Concello de Vedra, coa as súas historias, proxectos e percorridos vitais diferentes para representar a diversidade de mulleres e poñer en valor o papel incuestionable que somos no noso concello, coa vosa imaxe e un pequeno texto das vosas vidas, profesión, afeccións, coidados... adicamos un día a cada unha de vós no mes de marzo.

■ **Foro Muller e saúde: semana do 18 ao 22 de marzo na Casa da Estación en Sta. Cruz** Obradoiros de saúde sexual e menstrual para mulleres, tratarase a saúde sexual en xeral, centrando o tema nas diferentes etapas da vida sexual dunha muller dende a infancia ata a vellez, explicando o que ocorre no corpo nos diferentes momentos vitais.

■ **Carta de adhesión de Homes pola Igualdade:** Esta é unha carta aberta a todos os homes do Concello de Vedra, é un xeito de posicionarse ao carón das mulleres e pola igualdade, pedímosvos que todos aqueles que queiran adherirse a asinedes e vos comprometa des coa igualdade.

Carta dispoñible na sección **VEDRA É MULLER** na web municipal.





TEATROFILIA 2024 COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Chega e edición número XIX desta Mostra de Teatro Amador da Asociación Cultural Papaventos que coma cada ano encherá o Centro Sociocultural de Vedra de TEATRO durante os meses de marzo e abril.

- Prezo: As entradas serán a 3€ e os bonos a 10€.

Teatrofilia 2024

XIX Mostra de Teatro Amador de Vedra

VENRES 1 de marzo
21:30 h - "A conexión augardente" TP
Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra
JÁBADO 2 de marzo
20:30 h - "Don Quixote" TP Chirimirio (Tui)
DOMINGO 3 de marzo
19:30h - "Casting" + 18 Hipócrita Teatro (Lugo)

VENRES 8 de marzo
21:30 h - "Moito ruído e poucas voces" TP
Caruta Teatro (Santiago de Compostela)
JÁBADO 9 de marzo
20:30 h - "A idade do Pavosaurio" TP Teatro Licor Café (Cabanas)*
DOMINGO 10 de marzo
19:30 h - "O lago dos cisnes" + 13
Tangatutanga Teatro (Santiago de Compostela)

VENRES 15 de marzo
21:30 h - "A parábola do angazo" + 13
Talla Teatro (Santiago de Compostela)
JÁBADO 16 de marzo
20:30 h - "A furgoneta" + 6 Teatro de Balugas (Balugas - Portugal)
DOMINGO 17 de marzo
19:30 h - "MAL" Danza - TP Lara Munín (Vedra)
"Olimpo's" + 13 Farandoleiras Cabaré (Oleiros)

VENRES 22 de marzo
21:30 h - "Entrañas negras" + 18 Disfunción Continua (A Estrada)
JÁBADO 23 de marzo
16:00 h - Tarde infantil
"Historia do Oeste: na procura do cactus" Xs Papaventrix (Vedra)
"San Ventiño" Xs Papaventrix (Vedra)
"Que me contas?" Escola de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")
20:30 h - "O abellón" + 18 Aquilando Teatro (Munso)

*Dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña
"A Nova Escala do teatro" a cargo de Xosé Manuel de Vicedo.
As portas abriranse 15 minutos antes.

Centro Social de Vedra - 42°46'21.43"N/8°28'59.66"W • Entradas: 3 € • Bono: 10 €
<http://asociacionpapaventos.blogspot.com.es> - [instagram.com/papaventos](https://www.instagram.com/papaventos) - [facebook.com/acpapaventos](https://www.facebook.com/acpapaventos)

Organiza: Asociación Cultural Papaventos
Colabora: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, Asociación Cultural Ulla

LACONADA COA COMISIÓN DE FESTEXOS DE SAN PEDRO DE SARANDÓN O DOMINGO 10 DE MARZO

■ Será no Local da Asociación Veciñal de San Pedro de Sarandón (Vedra). Xantar co seguinte menú: Lacón con grelos, chourizos, filloas, sobremesa e bebidas.

- Prezo: 30 €

Reservas no número
629 372 200 ata o 5 de
marzo.

LACONADA

DOMINGO 10 DE MARZO (14:00 h.)
LOCAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS - SAN PEDRO DE SARANDÓN

• Xantar co seguinte menú:
Lacón con grelos, chourizos, filloas, sobremesa e bebidas

RESERVAS ATA O
5 DE MARZO:
629372200

PREZO: 30€

Organiza: Asociación de Festexos A Concepción
Colabora: Concello de Vedra

IX DUATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS. CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DUATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS. CO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA O 9 DE MARZO

■ O próximo sábado 9 de marzo celebrárase a novena edición do Duatlón de Vedra, que será por oitavo ano consecutivo Campionato Galego da modalidade da Federación Galega de Triatlón. Nesta ocasión preto dun centenar de equipos (formados por un mínimo de 4



deportistas e un máximo de 6) deberán completar o percorrido de 5 km de carreira a pé dende a pista de rodadura de Vedra pola carretera dirección Trobe, 20 km de ciclismo dirección San Fins, e outros 2,5 km de carreira a pé para alcanzar a meta.

Deportistas do club afrontan con moita ilusión esta proba desexando que o percorrido estea ategado de veciños e veciñas animando aos preto de 500 participantes.

Como nas anteriores edicións, dende o Club Olímpico de Vedra solicitan a colaboración veciñal para garantir un fantástico desenvolvemento da proba conseguindo así que, unha vez máis, non só o club senón todo o concello, siga sendo un referente na organización deste evento deportivo na nosa Comunidade.

AVISO CORTES DE TRÁFICO.

Con motivo do Duatlón de Vedra - Campionato Xunta de Galicia, e tralo informe favorable da XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DA CORUÑA o día 9 de MARZO, entre as 14:30h e as 19:30h as seguintes estradas do concello estarán cortadas ao tráfico.

VIAS AFECTADAS: DP-8203 dende Trobe e a Avda do Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano) ata o Terrón (cruce coa L-45), e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado, San Fins de Sales (Vedra).



XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO XLII FESTA DO VIÑO DA ULLA – 2024

■ Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón

Mércores 10 de abril ás 20:00 h.

Conferencia: Viticultura e cambio climático.

Intervén: Diego García Santiago, Responsable do Departamento de Viticultura da Adega Paco&Lola.

Xoves 11 de abril ás 17:00 h.

Saída de campo: Visita á Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia (EVEGA): Coñecemento das súas liñas de traballo, novas variedades...

Visita á adega GRANBAZÁN.

Venres 12 de abril ás 20:00 h.

Harmonía: viño e tapas
(Cata comentada)

Interveñen:

Nacho Costoya Eyo (Sumiller).

Julio Mato del Río (Chef do programa da TVG "A Vol-tas co Prato").

Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Máis información e inscricións: 981 814 691- 619 309 958.

Organiza: Comisión Organizadora da Festa do Viño da Ulla

Colabora: Concello de Vedra

LIGA DE BIBERÓNS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ Anímate e vén a xogar ao fútbol!

Inscricións abertas para nenos e nenas nados e nadas nos anos 2018 e 2019.

Máis información:

- escolasdeportivasvedra@gmail.com.
- Teléfono 622 629 205.
- Na web www.escolasdeportivas.org.

Parabéns



A CHARO LOPEZ

■ Veciña de Trobe que no pasado mes de febreiro protagonizou a portada da revista Vogue en edición dixital cos seus espectaculares tocados, facendo que "Charo López Atelier" continúe a súa proxección.



A MARÍA ANDREA ÁLVAREZ

■ Veciña de Vedra que na Supercopa de España Infantil de Judo celebrada en Montijo, obtivo o quinto posto. Ben seguro que será un dos moitos títulos que lle agardan na súa carreira deportiva.



Á ASOC. MEDIOAMBIENTAL AMABUL

■ Pola celebración do seu 20º aniversario. Todo un exemplo de traballo por e para o noso medio ambiente. **A por outros vinte!!**



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS